

PROCEDIMENTO COMÚN PARA INFORMAR AOS ALUMNOS E PAIS DOS ASPECTOS BÁSICOS DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS DAS DISTINTAS MATERIAS.

Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe avaliáveis

BIOLOXÍA 1ºESO

Bloque 1. Habilidades, destrezas e estratexias. Metodoloxía científica

- 1.1.-Identifica os termos máis frecuentes do vocabulario científico, e exprésase de xeito correcto tanto oralmente como por escrito.
- 1.2.-Procura, selecciona e interpreta a información de carácter científico a partir da utilización de diversas fontes.
- 1.3.- Transmite a información seleccionada de xeito preciso, utilizando diversos soportes.
- 1.4.-Utiliza a información de carácter científico para formar unha opinión propia e argumentar sobre problemas relacionados
- 1.5.-Coñece e respecta as normas de seguridade no laboratorio, e coida os instrumentos e o material empregado.
- 1.6.-Desenvolve con autonomía a planificación do traballo experimental, utilizando tanto instrumentos ópticos de recoñecemento como material básico de laboratorio, argumenta o proceso experimental seguido, describe as súas observacións e interpreta os seus resultados.

Bloque 2. A Terra no Universo

- 2.1.- Identifica as ideas principais sobre a orixe do universo.
- 2.1.- Recoñece os compoñentes do Universo e do Sistema Solar, e describe as súas características xerais.
- 2.3.- Precisa as características que se dan no planeta Terra que permiten o desenvolvemento da vida nel, e que non se dan nos outros planetas.
- 2.4.- Identifica a posición da Terra no Sistema Solar.
- 2.5.- Categoriza os fenómenos principais relacionados co movemento e a posición dos astros, e deduce a súa importancia para a vida.
- 2.6.- Interpreta correctamente en gráficos e esquemas fenómenos como as fases lunares e as eclipses, e establece a súa relación coa posición relativa da Terra, a Lúa e o Sol.
- 2.7.- Describe as características xerais dos materiais máis frecuentes nas zonas externas do planeta e xustifica a súa distribución en capas en función da súa densidade.
- 2.8.- Describe as características xerais da codia, o manto e o núcleo terrestre, e os materiais que os compoñen, e relaciona esas características coa súa situación.
- 2.9.- Identifica minerais e rochas utilizando criterios que permitan diferenciarlos.
- 2.10.- Describe algunhas das aplicacións máis frecuentes dos minerais e das rochas no ámbito da vida cotiá.
- 2.11.- Recoñece a importancia do uso responsable e a xestión sustentable dos recursos minerais.
- 2.12.- Recoñece a estrutura e a composición da atmosfera.
- 2.13.- Recoñece a composición do aire e identifica os contaminantes principais en relación coa súa orixe.
- 2.14.- Identifica e xustifica con argumentacións sinxelas as causas que sustentan o papel protector da atmosfera para os seres vivos.
- 2.15.- Relaciona a contaminación ambiental coa deterioración ambiental, e propón accións e hábitos que contribúan á súa solución
- 2.16.- Relaciona situacións en que a actividade humana interfere coa acción protectora da atmosfera.
- 2.17.- Recoñece as propiedades anómalas da auga en relación coas súas consecuencias para o mantemento da vida na Terra.
- 2.18.- Describe o ciclo da auga en relación cos seus cambios de estado de agregación.
- 2.19.- Comprende e identifica o significado da xestión sustentable da auga doce, e enumera medidas concretas que colaboren nesa xestión.
- 2.20.- Recoñece os problemas de contaminación de augas doces e salgadas, en relación coas actividades

humanas

2.21.- Describe as características que posibilitaron o desenvolvemento da vida na Terra.

Bloque 3. A biodiversidade no planeta Terra

3.1.-Estima a importancia da biodiversidade e aplica criterios de clasificación dos seres vivos, relacionando os animais e as plantas máis comúns co seu grupo taxonómico.

3.2.-Identifica e recoñece exemplares característicos de cada un destes grupos, e salienta a súa importancia biolóxica.

3.3.- Discrimina as características xerais e singulares de cada grupo taxonómico.

3.4.- Asocia invertebrados comúns co grupo taxonómico ao que pertencen.

3.5.- Recoñece exemplares de vertebrados e asígnalos á clase á que pertencen.

3.6.- Detalla o proceso da nutrición autótrofa e relaciónao coa súa importancia para o conxunto de todos os seres vivos.

3.7.- Describe as características xerais e singulares dos principais grupos de plantas.

3.8.- Clasifica e identifica animais e plantas a partir de claves de identificación.

3.9.- Identifica exemplares de plantas e animais propios dalgúns ecosistemas ou de interese especial por seren especies en perigo de extinción ou endémicas.

3.10.- Relaciona coa súa adaptación ao medio a presenza de determinadas estruturas nos animais e nas plantas máis comúns.

3.11.- Identifica exemplares de plantas e animais propios dos ecosistemas galegos.

Bloque 4. Os ecosistemas

4.1.- Identifica os compoñentes dun ecosistema.

4.2.- Recoñece e enumera os factores desencadeantes de desequilibrios nun ecosistema.

4.3.- Selecciona accións que preveñen a destrución ambiental.

Bloque 5. Proxecto de investigación

5.1.- Integrar e aplicar as destrezas propias do método científico.

5.2.- Utilizar argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón.

5.3.- Utilizar diferentes fontes de información, apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.

5.4.- Participar, valorar e respectar o traballo individual e en grupo.

5.5.- Diseñar pequenos traballos de investigación sobre animais e/ou plantas, os ecosistemas do seu contorno ou a alimentación e a nutrición humana, para a súa presentación e defensa na aula.

5.6.- Expresar con precisión e coherencia as conclusións das súas investigacións, tanto verbalmente como por escrito.

BIOLOXÍA 3º ESO

Bloque 1. Habilidades, destrezas e estratexias. Metodoloxía científica

1.1.- Identificar os termos máis frecuentes do vocabulario científico e exprésase con corrección, tanto oralmente como por escrito.

1.2.- Procurar, seleccionar e interpretar a información de carácter científico a partir da utilización de diversas fontes.

1.3.- Transmitir a información seleccionada de xeito preciso utilizando diversos soportes.

1.4.- Utilizar a información de carácter científico para formar unha opinión propia e argumentar sobre problemas relacionados.

1.5.- Coñecer e respecta as normas de seguridade no laboratorio, e coida os instrumentos e o material empregado.

1.6.- Desenvolver con autonomía a planificación do traballo experimental, utilizando tanto instrumentos ópticos de recoñecemento como material básico de laboratorio, argumenta o proceso experimental

seguido, describe as súas observacións e interpreta os seus resultados.

Bloque 2. A célula, unidade estrutural e funcional dos seres vivos

- 2.1.- Diferenciar a materia viva da inerte partindo das características particulares de ambas.
- 2.2.- Establecer comparativamente as analogías e as diferenzas entre célula procariota e eucariota, e entre célula animal e vexetal.
- 2.3.- Recoñece e diferencia a importancia de cada función para o mantemento da vida.
- 2.4.- Contrasta o proceso de nutrición autótrofa e nutrición heterótrofa, e deduce a relación entre elas.

Bloque 3. As persoas e a saúde. Promoción da saúde

- 3.1.- Interpreta os niveis de organización no ser humano e procura a relación entre eles.
- 3.2.- Diferencia os tipos celulares e describe a función dos orgánulos máis importantes.
- 3.3.- Recoñece os principais tecidos que conforman o corpo humano e asóciaos á súa función.
- 3.4.- Argumenta as implicacións dos hábitos para a saúde, e xustifica con exemplos as eleccións que realiza ou pode realizar para promovela individual e colectivamente.
- 3.5.- Recoñece as doenzas e as infeccións máis comúns, e relaciónaaas coas súas causas.
- 3.6.- Distingue e explica os mecanismos de transmisión das doenzas infecciosas.
- 3.7.- Coñece e describe hábitos de vida saudable e identifícaos como medio de promoción da súa saúde e da das demais persoas.
- 3.8.- Propón métodos para evitar o contaxio e a propagación das doenzas infecciosas máis comúns.
- 3.9.- Establece diferenzas entre as doenzas que afectan as rexións dun mundo globalizado, e diseña propostas de actuación.
- 3.10.- Explica en que consiste o proceso de inmunidade, e valora o papel das vacinas como método de prevención das doenzas.
- 3.11.- Detalla a importancia da doazón de células, sangue e órganos para a sociedade e para o ser humano.
- 3.12.- Detecta as situacións de risco para a saúde relacionadas co consumo de substancias tóxicas e estimulantes, como tabaco, alcohol, drogas, etc., contrasta os seus efectos nocivos e propón medidas de prevención e control.
- 3.13.- Identifica as consecuencias de seguir condutas de risco coas drogas, para o individuo e a sociedade.
- 3.14.- Discrimina o proceso de nutrición do da alimentación.
- 3.15.- Relaciona cada nutriente coa súa función no organismo, e recoñece hábitos nutricionais saudables
- 3.16.- Diseña hábitos nutricionais saudables mediante a elaboración de dietas equilibradas, utilizando táboas con grupos de alimentos cos nutrientes principais presentes neles e o seu valor calórico.
- 3.17.- Valora e determina unha dieta equilibrada para unha vida saudable e identifica os principais trastornos da conduta alimentaria.
- 3.18.- Determina e identifica, a partir de gráficos e esquemas, os órganos, os aparellos e os sistemas implicados na función de nutrición, e relaciónao coa súa contribución no proceso.
- 3.19.- Recoñece a función de cada aparello e de cada sistema nas funcións de nutrición.
- 3.20.- Coñece e explica os compoñentes dos aparellos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor, e o seu funcionamento.
- 3.21.- Diferencia as doenzas máis frecuentes dos órganos, os aparellos e os sistemas implicados na nutrición, e asóciaas coas súas causas.
- 3.22.- Especifica a función de cada aparello e de cada sistema implicados nas funcións de relación.
- 3.23.- Describe os procesos implicados na función de relación, e identifica o órgano ou a estrutura responsables de cada proceso.
- 3.24.- Clasifica os tipos de receptores sensoriais e relaciónaaos cos órganos dos sentidos en que se atopan.
- 3.25.- Identifica algunhas doenzas comúns do sistema nervioso e relaciónaaas coas súas causas, cos factores de risco e coa súa prevención.
- 3.26.- Enumera as glándulas endócrinas e asocia con elas as hormonas segregadas e a súa función. Recoñece algún proceso que teña lugar na vida cotiá no que se evidencie claramente a integración neuroendócrina.
- 3.27.- Localiza os principais ósos e músculos do corpo humano en esquemas do aparello locomotor. Identifica os factores de risco máis frecuentes que poden afectar o aparello locomotor e relaciónaaos coas lesións que producen.
- 3.28.- Identifica en esquemas os órganos do aparello reprodutor masculino e feminino, e especifica a súa

función.

3.29.- Describe as principais etapas do ciclo menstrual e indica que glándulas e que hormonas participan na súa regulación.

3.30.- Identifica os acontecementos fundamentais da fecundación, do embarazo e do parto

3.31.- Discrimina os métodos de anticoncepción humana.

3.32.- Categoriza as principais doenzas de transmisión sexual e argumenta sobre a súa prevención.

3.33.- Identifica as técnicas de reprodución asistida máis frecuentes.

3.34.- Actúa, decide e defende responsablemente a súa sexualidade e a das persoas do seu contorno.

Bloque 4. O relevo terrestre e a súa evolución.

4.1.- Identifica a influencia do clima e das características das rochas que condicionan os tipos de relevo e inflúen neles.

4.2.- Relaciona a enerxía solar cos procesos externos, e xustifica o papel da gravidade na súa dinámica.

4.3.- Diferencia os procesos de meteorización, erosión, transporte e sedimentación, e os seus efectos no relevo.

4.4.- Analiza a actividade de erosión, transporte e sedimentación producida polas augas superficiais, e recoñece algún dos seus efectos no relevo.

4.5.- Valora e analiza a importancia das augas subterráneas e os riscos da súa sobreexplotación.

4.6.- Relaciona os movementos da auga do mar coa erosión, o transporte e a sedimentación no litoral, e identifica algunhas formas resultantes características

4.7.- Asocia a actividade eólica cos ambientes en que esta actividade xeolóxica pode ser relevante.

4.8.- Analiza a dinámica glaciar e identifica os seus efectos sobre o relevo.

4.9.- Investiga acerca da paisaxe do seu contorno máis próximo e identifica algúns dos factores que condicionaron a súa modelaxe.

4.10.- Identifica a intervención de seres vivos en procesos de meteorización, erosión, transporte e sedimentación.

4.11.- Valora e describe a importancia das actividades humanas na transformación da superficie terrestre.

4.12.- Diferencia un proceso xeolóxico externo dun interno e identifica os seus efectos no relevo.

4.13.- Coñece e describe como se orixinan os sismos e os efectos que xeran.

4.14.- Relaciona os tipos de erupción volcánica co magma que as orixina, e asóciaos co seu grao de perigo.

4.15.- Xustifica a existencia de zonas en que os terremotos son máis frecuentes e de maior magnitude.

4.16.- Valora e describe o risco sísmico e, de ser o caso, volcánico existente na zona en que habita, e coñece as medidas de prevención que debe adoptar.

Bloque 5. O solo como ecosistema

5.1.- Recoñece que o solo é o resultado da interacción entre os compoñentes bióticos e abióticos, e sinala algunha das súas interaccións.

5.2.- Recoñece a fragilidade do solo e valora a necesidade de protexelo.

Bloque 6. Proxecto de investigación

6.1. Integra e aplica as destrezas propias do método científico.

6.2. Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón.

6.3. Utiliza fontes de información apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.

6.4. Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo

6.5. Deseña pequenos traballos de investigación sobre animais e/ou plantas, os ecosistemas do seu contorno ou a alimentación e a nutrición humana, para a súa presentación e defensa na aula.

6.7. Expresa con precisión e coherencia as conclusións das súas investigacións, tanto verbalmente como por escrito.

BIOLOXÍA 4ºESO

Bloque 1. A evolución da vida

- 1.1. Compara a célula procariota e a eucariota, a animal e a vexetal, e recoñece a función dos orgánulos celulares e a relación entre morfoloxía e función.
- 1.2. Identifica tipos de células utilizando o microscopio óptico, micrografías e esquemas gráficos.
- 1.3. Distingue os compoñentes do núcleo e a súa función segundo as etapas do ciclo celular.
- 1.4. Recoñece as partes dun cromosoma
- 1.5. Recoñece as fases da mitose e meiose, diferencia ambos os procesos e distingue o seu significado biolóxico.
- 1.6. Distingue os ácidos nucleicos e enumera os seus compoñentes.
- 1.7. Recoñece a función do ADN como portador da información xenética, e relaciónao co concepto de xene.
- 1.8. Ilustra os mecanismos da expresión xenética por medio do código xenético.
- 1.9. Recoñece e explica en que consisten as mutacións e os seus tipos.
- 1.10. Recoñece os principios básicos da xenética mendeliana e resolve problemas prácticos de cruzamentos con un ou dous caracteres.
- 1.11. Resolve problemas prácticos sobre a herdanza do sexo e a ligada ao sexo.
- 1.12. Identifica as doenzas hereditarias máis frecuentes e o seu alcance social, e resolve problemas prácticos sobre doenzas hereditarias, utilizando árbores xenealóxicas.
- 1.13. Diferencia técnicas de traballo en enxeñaría xenética.
- 1.14. Describe as técnicas de clonación animal, distinguindo clonación terapéutica e reprodutiva
- 1.15. Analiza as implicacións éticas, sociais e ambientais da enxeñaría xenética.
- 1.16. Interpreta criticamente as consecuencias dos avances actuais no campo da biotecnoloxía.
- 1.17. Distingue as características diferenciadoras entre lamarckismo, darwinismo e neodarwinismo.
- 1.18. Establece a relación entre variabilidade xenética, adaptación e selección natural.
- 1.19. Interpreta árbores filogenéticas
- 1.20. Recoñece e describe as fases da hominización

Bloque 2. A dinámica da Terra

- 2.1. Identifica e describe feitos que amosen a Terra como un planeta cambiante, e relaciónaos cos fenómenos que suceden na actualidade.
- 2.2. Reconstrúe algúns cambios notables na Terra, mediante a utilización de modelos temporais a escala e recoñecendo as unidades temporais na historia xeolóxica.
- 2.3. Discrimina os principais acontecementos xeolóxicos, climáticos e biolóxicos que tiveron lugar ao longo da historia da Terra, e recoñece algúns animais e plantas característicos de cada era.
- 2.4. Relaciona algún dos fósiles guía máis característico coa súa era xeolóxica.
- 2.5. Interpreta un mapa topográfico e fai perfís topográficos..
- 2.6. Resolve problemas sinxelos de datación relativa, aplicando os principios de superposición de estratos, superposición de procesos e correlación.
- 2.7. Analiza e compara os modelos que explican a estrutura e a composición da Terra.
- 2.8. Relaciona as características da estrutura interna da Terra e asóciaas cos fenómenos superficiais.
- 2.9. Expresa algunhas evidencias actuais da deriva continental e da expansión do fondo oceánico.
- 2.10. Coñece e explica razoadamente os movementos relativos das placas litosféricas.
- 2.11. Interpreta as consecuencias dos movementos das placas no relevo.
- 2.12. Identifica as causas dos principais relevos terrestres.
- 2.13. Relaciona os movementos das placas con procesos tectónicos.
- 2.14. Interpreta a evolución do relevo baixo a influencia da dinámica externa e interna.

Bloque 3. Ecoloxía e medio ambiente

- 3.1. Identifica o concepto de ecosistema e distingue os seus compoñentes.
- 3.2. Analiza as relacións entre biótomo e biocenose, e avalía a súa importancia para manter o equilibrio do ecosistema.
- 3.3. Interpreta as adaptacións dos seres vivos a un ambiente determinado, relacionando a adaptación co

factor ou os factores ambientais desencadeantes deste.

3.4. Recoñece os factores ambientais que condicionan o desenvolvemento dos seres vivos nun ambiente determinado, e valora a súa importancia na conservación deste.

3.5. Recoñece e describe relacións e a súa influencia na regulación dos ecosistemas, interpretando casos prácticos en contextos reais.

3.6. Recoñece os niveis tróficos e as súas relacións nos ecosistemas, e valora a súa importancia para a vida en xeral e o mantemento destas.

3.7. Compara as consecuencias prácticas na xestión sustentable dalgúns recursos por parte do ser humano, e valora criticamente a súa importancia.

3.8. Establece a relación entre as transferencias de enerxía dos niveis tróficos e a súa eficiencia enerxética.

3.9. Argumenta sobre as actuacións humanas que teñen unha influencia negativa sobre os ecosistemas: contaminación, desertización, esgotamento de recursos, etc.

3.10. Defende e conclúe sobre posibles actuacións para a mellora ambiental e analiza desde distintos puntos de vista un problema ambiental do contorno próximo, elabora informes e preséntaos utilizando distintos medios.

3.11. Describe os procesos de tratamento de residuos, e valora criticamente a súa recollida selectiva.

3.12. Argumenta os proles e os contras da reciclaxe e da reutilización de recursos materiais.

3.13. Destaca a importancia das enerxías renovables para o desenvolvemento sustentable do planeta.

Bloque 4. Proxecto de investigación

4.1. Integra e aplica as destrezas propias do método científico.

4.2. Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón.

4.3. Utiliza fontes de información apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.

4.4. Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo

4.5. Deseña pequenos traballos de investigación sobre animais e/ou plantas, os ecosistemas do seu contorno ou a alimentación e a nutrición humana, para a súa presentación e defensa na aula.

4.6. Expressa con precisión e coherencia as conclusións das súas investigacións, tanto verbalmente como por escrito.

CULTURA CIENTÍFICA 4ºESO

Bloque 1. Procedementos de traballo

1.1.-Analiza un texto científico, valorando de forma crítica o seu contido.

1.2. Presenta información sobre un tema tras realizar unha procura guiada de fontes de contido científico, utilizando tanto os soportes tradicionais como internet.

1.3.- Analiza o papel da investigación científica como motor da nosa sociedade e a súa importancia ao longo da historia.

1.4.- Comenta artigos científicos divulgativos realizando valoracións críticas e análises das consecuencias sociais, e defende en público as súas conclusións.

Bloque 2. O Universo

2.1. Describe as teorías acerca da orixe, a evolución e o final do Universo, e establece os argumentos que as sustentan.

2.2. Recoñece a teoría do Big Bang como explicación á orixe do Universo.

2.3. Sinala os acontecementos científicos que foron fundamentais para o coñecemento actual do Universo.

2.4. Establece a organización do Universo coñecido, e sitúa nel o sistema solar.

2.5. Determina, coa axuda de exemplos, os aspectos máis salientables da Vía Láctea.

2.6. Xustifica a existencia da materia escura para explicar a estrutura do Universo.

2.7. Argumenta a existencia dos buratos negros e describe as súas principais características.

2.8. Coñece as fases da evolución estelar e describe en cal delas atopar o noso Sol.

2.9. Explica a formación do Sistema Solar e describe a súa estrutura e as súas características principais.

2.10. Indica as condicións que debe cumprir un planeta para que poida albergar vida.

Bloque 3. Avances tecnolóxicos, implicacións sociais e ambientais

3.1.- Relaciona os principais problemas ambientais coas súas causas, e establece as súas consecuencias.

- 3.2.- Procura e describe solucións aplicables para resolver os principais problemas ambientais.
- 3.3.- Coñece e analiza as implicacións ambientais dos principais tratados e dos protocolos internacionais sobre a protección ambientais.
- 3.4.- Recoñece os efectos do cambio climático, establece as súas causas e propón medidas concretas e aplicables, a nivel global e individual, para o reducir.
- 3.5.- Valora e describe os impactos da sobreexplotación dos recursos naturais, a contaminación, a desertización, os tratamentos de residuos e a perda de biodiversidade, e propón solucións e actitudes persoais e colectivas para os paliar.
- 3.6.- Extrae e interpreta a información en diferentes tipos de representacións gráficas, elaborando informes e establecendo conclusións.
- 3.7.- Establece as vantaxes e inconvenientes das diferentes fontes de enerxía, tanto renovables como non renovables.
- 3.8.- Describe procedementos para a obtención de hidróxeno como futuro vector enerxético.
- 3.9.- Explica o principio de funcionamento da pila de combustible, suscitando as súas posibles aplicacións tecnolóxicas e destacando as vantaxes que ofrece fronte aos sistemas actuais.

Bloque 4. Calidade de vida

- 4.1.- Comprende a definición da saúde que dá a Organización Mundial da Saúde (OMS).
- 4.2.- Determina o carácter infeccioso dunha doenza atendendo ás súas causas e aos seus efectos.
- 4.3.- Describe as características dos microorganismos causantes de doenzas infectocontaxiosas.
- 4.4.- Coñece e enumera as doenzas infecciosas máis importantes producidas por bacterias, virus, protozoos e fungos, identifica os posibles medios de contaxio, e describe as etapas xerais do seu desenvolvemento e os posibles tratamentos
- 4.5.- Identifica os mecanismos de defensa que posúe o organismo humano, e xustifica a súa función.
- 4.6.- Interpreta nos prospectos dos medicamentos informacións relativas a posoloxía, indicacións e efectos adversos dos medicamentos de uso máis común no día a día.
- 4.7.- Identifica os feitos históricos máis salientables no avance da prevención, a detección e o tratamento das doenzas.
- 4.8.- Recoñece a importancia que a descuberta da penicilina tivo na loita contra as infeccións bacterianas, a súa repercusión social e o perigo de crear resistencias aos fármacos.
- 4.9.- Explica como actúa unha vacina e xustifica a importancia da vacinación como medio de inmunización masiva ante determinadas doenzas
- 4.10.- Analiza as causas, os efectos e os tratamentos do cancro, da diabete, das doenzas cardiovasculares e das doenzas mentais.
- 4.11.- Valora a importancia da loita contra o cancro e establece as principais liñas de actuación para previr a doenza.
- 4.12.- Xustifica os principais efectos que sobre o organismo teñen os diferentes tipos de drogas e o perigo asociado ao seu consumo.
- 4.13.- Recoñece estilos de vida que contribúan á extensión de determinadas doenzas (cancro, doenzas cardiovasculares e mentais, etc.).
- 4.14.- Establece a relación entre alimentación e saúde, e describe o que se considera unha dieta sa. **Bloque**

5. A humanidade e o uso dos materiais

- 5.1.- Relaciona o progreso humano coa descuberta das propiedades de certos materiais que permiten a súa transformación e aplicacións tecnolóxicas.
- 5.2.- Analiza a relación dos conflitos entre pobos como consecuencia da explotación dos recursos naturais para obter produtos de alto valor engadido e/ou materiais de uso tecnolóxico.
- 5.3.- Describe procesos de obtención de materiais, valorando o seu custo económico e ambiental, e a conveniencia da súa reciclaxe
- 5.4.- Valora e describe o problema ambiental e social dos vertidos tóxicos.
- 5.5.- Recoñece os efectos da corrosión sobre os metais, o custo económico que supón e os métodos para protexelos.
- 5.6.- Xustifica a necesidade do aforro, a reutilización e a reciclaxe de materiais en termos económicos e ambientais.
- 5.7.- Define o concepto de nanotecnoloxía e describe as súas aplicacións presentes e futuras en diferentes

campos.

Criterios de cualificación

1º ESO:

Instrumentos de avaliación: Realización de probas, Traballos, Exposición oral de traballos.

Criterios de cualificación:

a) Realización de probas.

As dúas terceiras partes do exame conterán preguntas vinculadas os mínimos esixibles.

As probas se cualifican sobre 10 dividindo os puntos entre as preguntas que conteña o exame. O alumnado que fixera unha proba fraudulenta levará unha nota de cero.

b) Traballos.

Valóranse os seguintes apartados:

Entrega o traballo no tempo e forma esixido. (2 puntos) (As datas e formato de entrega son obrigatorios, polo que o seu incumprimento provoca o suspenso no traballo)

Está completo a redacción é propia e contén imaxes e exemplos (7 puntos).

Entrégase sen faltas de ortografía (1 punto).

c) Exposicións orais.

O alumno non se limita a ler o traballo (3 puntos).

O alumno comprende os contidos e é quen de explicalos (5 puntos).

Responde as preguntas dos compañeiros(1 punto).

A exposición mantén o interese da clase (1 punto).

Cuantificación da cualificación:

As probas terán un peso do 70% da nota.

A entrega dos traballos o 10% da nota.

As exposicións orais o 20% da nota.

Recuperacións dos temas suspensos.

Os temas suspensos poderán recuperarse cun exame de recuperación, que se elaborará tendo en conta os mínimos esixibles, para superar o exame é necesario responder de forma correcta os 2/3 do exame, obtendo unha puntuación de 5 puntos.

Os traballos non entregados en tempo e forma o suspensos, terán unha segunda oportunidade de entrega, non podendo acadar unha nota superior a 5 puntos na segunda entrega.

As exposicións orais non superadas poderán recuperarse cun exame sobre os mínimos esixibles, non podendo obter unha nota superior a 5, e respondendo de forma correcta como mínimo aos 2/3 do exame.

Aqueles alumnos que falten á realización dalgún exame soamente se lles repetirá cando a súa ausencia sexa xustificada razoablemente.

Nota da avaliación:

A cualificación da avaliación obtense calculando a media aritmética de todas as cualificacións obtidas ata o momento incluídas as recuperacións, e aplicándolle a porcentaxe correspondente. A nota de de xuño coincidirá ca nota da 3ª avaliación.

A nota de setembro obterase coa proba extraordinaria, basándose nos contidos mínimos da materia. Para a súa preparación achegaráselle material específico.

3º ESO:

Criterios de cualificación:

1º Probas escritas. Ditas probas consistirán en exercicios variados como cuestións de desenvolvemento longo ou curto, cuestións tipo test, de relación de conceptos, elaboración e identificación de conceptos mediante esquemas, encher frases incompletas, definicións, interpretación de datos, etc.

O alumnado que fixera unha proba fraudulenta levará unha nota de cero.

Poderase restar 0,10 puntos por cada falta de ortografía, non poñer a maioría das tildes, non deixar marxes, mala presentación, etc...

2º Traballos (tanto individuais como en grupo) Valóranse os seguintes apartados: Entrega o traballo no tempo e forma esixido. (2 puntos) (As datas e formato de entrega son obrigatorios, polo que o seu incumprimento provoca o suspenso no traballo) Está completo a redacción é propia e contén imaxes e exemplos (7 puntos). Entrégase sen faltas de ortografía (1 punto).

3º Exposicións orais. Valoraranse os seguintes apartados:

O alumno non se limita a ler o traballo (3 puntos).

O alumno comprende os contidos e é quen de explicalos (5 puntos).

Responde as preguntas dos compañeiros (1 punto).

A exposición mantén o interese da clase (1 punto).

A cualificación mínima para aprobar é 5. O redondeo farase sempre á baixa.

Cualificación da avaliación trimestral. Será a media ponderada das cualificacións obtidas na avaliación, segundo a seguinte ponderación: 90% (parte teórico-práctica) e 10% (actitudes). Cando nunha avaliación se realicen dúas probas escritas ou orais, a cualificación obtida na avaliación de conceptos será calculada como a media aritmética das cualificacións das dúas probas. Con menos dun 4 non se fará media. Si non dera tempo a dar a materia prevista, farase un exame de avaliación con toda a materia dada.

O alumnado que non supere algunha avaliación deberá realizar a proba de recuperación da avaliación trimestral suspensa (ver epígrafe seguinte).

- O emprego de métodos fraudulentos, así como a tenencia de calquera tipo de material de apoio, apuntes, etc. relacionados coa materia, durante o exame, suporá un 0 no mesmo.

- A non realización dun exame sen a debida xustificación suporá un 0 no exame e conlevará a perda do dereito a repetición do mesmo.

Recuperación de avaliacións trimestrais suspensas. Na proba escrita o alumnado examínase de tódalas unidades da avaliación suspensa, aínda que tivera algunha parte superada. Poderase acotar a materia a mínimos. A cualificación obtida na proba será a nova cualificación da avaliación trimestral. No caso da terceira avaliación, de non ter tempo, a proba de recuperación podería facerse na final.

Avaliación final de xuño. Dado que a avaliación é continua e formativa, pero os contidos non son progresivos, a nota final de xuño será a media aritmética das notas das tres avaliacións. Como norma xeral, será requisito indispensable ter as tres avaliacións aprobadas para realizar dita media. No caso de alumnos que teñan unha ou dúas avaliacións suspensas, faráselles unha proba extraordinaria en xuño de contidos mínimos.

Se as probas de recuperación son sobre os contidos mínimos, a súa cualificación non pode superar o 5.

Avaliación extraordinaria de setembro. A cualificación será a obtida na proba escrita sobre os contidos mínimos.

4º ESO:

Criterios de cualificación:

1º Probas escritas. Ditas probas consistirán en exercicios variados como cuestións de desenvolvemento longo ou curto, cuestións tipo test, de relación de conceptos, elaboración e identificación de conceptos mediante esquemas, encher frases incompletas, definicións, interpretación de datos, etc.

O alumnado que fixera unha proba fraudulenta levará unha nota de cero.

2º Traballos (tanto individuais como en grupo) Valóranse os seguintes apartados:

Entrega o traballo no tempo e forma esixido. (2 puntos) (As datas e formato de entrega son obrigatorios, polo que o seu incumprimento provoca o suspenso no traballo)

Está completo a redacción é propia e contén imaxes e exemplos (7 puntos).

Entrégase sen faltas de ortografía (1 punto).

3º Exposicións orais. Valorarase:

O alumno non se limita a ler o traballo (3 puntos).

O alumno comprende os contidos e é quen de explicalos (5 puntos).

Responde as preguntas dos compañeiros(1 punto).

A exposición mantén o interese da clase (1 punto).

A cualificación mínima para aprobar é 5. O redondeo farase sempre á baixa.

Cualificación da avaliación trimestral. Será a media ponderada das cualificacións obtidas na avaliación de conceptos, actividades e actitudes, segundo a seguinte ponderación: 90% (parte teórico-práctica) e 10% (actitudes). Cando nunha avaliación se realicen dúas probas escritas ou orais, a cualificación obtida na avaliación de conceptos será calculada como a media aritmética das cualificacións das dúas probas. Con menos dun 4 non se fará media.

- O emprego de métodos fraudulentos, así como a tenencia de calquera tipo de material de apoio, apuntes, etc. relacionados coa materia, durante o exame, suporá un 0 no mesmo.

- A non realización dun exame sen a debida xustificación suporá un 0 no exame e conlevará a perda do dereito a repetición do mesmo

O alumnado que non supere algunha avaliación deberá realizar a proba de recuperación da avaliación trimestral suspensa (ver epígrafe seguinte).

Recuperación de avaliacións trimestrais suspensas. Na proba escrita o alumnado examinarase de tódalas unidades da avaliación suspensa, aínda que tivera algunha parte superada. A cualificación obtida na proba será a nova cualificación da avaliación trimestral.

Avaliación final de xuño. Dado que a avaliación é continua e formativa, pero os contidos non son progresivos, a nota final de xuño será a media aritmética das notas das tres avaliacións. Como norma xeral, será requisito indispensable ter as tres avaliacións aprobadas para realizar dita media. No caso de alumnos que teñan unha ou dúas avaliacións suspensas, faráselles unha proba extraordinaria en xuño de contidos mínimos

Se as probas de recuperación son sobre os contidos mínimos, a súa cualificación non pode superar o 5.

Avaliación extraordinaria de setembro. A cualificación será a obtida na proba escrita sobre os contidos mínimos.

Seguimento de pendentes

PROGRAMA DE REFORZÓ PARA A RECUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Os alumnos con bioloxía pendente de cursos anteriores poderán recuperar de distintas formas:

1º Superando unha proba parcial por trimestre.

2º En maio, tódolos alumnos que non aprobaron por medio das probas trimestrais ou que non teñan perspectivas de aprobar o curso no que estean, poderán presentarse a unha proba final de toda a materia para cuxa calificación, non se terán en conta os resultados obtidos durante o curso.

Para a preparación destas probas os alumnos con bioloxía pendente serán guiados en todo momento polos profesores do curso no que se encontran.